



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Prácticas en Empresa	Código	614G01120	
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputaciónElectrónica e SistemasEnxeñaría de ComputadoresMatemáticasTecnoloxías da Información e as Comunicacións			
Coordinación	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es	
Profesorado	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Prácticas en Empresa (PE) é unha materia optativa do cuarto curso que se pode cursar no primeiro ou no segundo cuatrimestre, con 12 créditos. O seu obxectivo é completar a formación do grao con estancias nas entidades colaboradoras nas que experimentar o desenvolvemento da actividade profesional nun marco real. A FIC ten acordos con distintas empresas para a realización de prácticas curriculares.</p> <p>O desenvolvemento dunha PE implica:</p> <ol style="list-style-type: none">1) O contacto da FIC con entidades colaboradoras e a dispoñibilidade destas para aceptar a estudantes do grao que realicen tarefas que poidan desenvolverse mediante a materia de PE.2) Os contactos para definir as PE dun curso académico inicianse desde finais do curso previo.3) A formalización dun acordo entre a entidade colaboradora e a FIC, o que suporá a asignación da práctica a un/unha estudante.4) A designación dunha persoa da entidade colaboradora que actuará como titor/a profesional do/a estudante supervisando o desenvolvemento efectivo das súas tarefas.5) A designación dunha persoa da FIC coas funcións de titor/a académico/a que supervisará que o/a estudante realice o plan de formación determinado, que recibirá os informes do titor/a profesional e do/a estudante, e que avaliará o realizado polo/a estudante.6) A definición dun plan de formación onde os/as titores/as da PE definan o alcance do traballo a realizar polo/a estudante. <p>A normativa da UDC sobre PE require que se estableza un convenio para a relación de PE.</p> <p>Existen unhas directrices específicas da FIC para ampliar e concretar o marco normativo da UDC:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Que o/a estudante superase a metade dos créditos do grao.2) Que superase todas as materias de formación básica (primeiro curso).3) Que faga a solicitude no prazo establecido e que a nota media do seu expediente se atope entre o número de estudantes permitido para cada cuatrimestre. Este límite vén marcado pola vicerreitoría de profesorado, xa que cada titor/a académico/a consume 2 horas de POD por cada estudante titorizado/a.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A44	Capacidade para desenvolver e avaliar sistemas interactivos e de presentación de información complexa e a súa aplicación á resolución de problemas de deseño de interacción persoa-computadora.



A45	Capacidade para coñecer e desenvolver técnicas de aprendizaxe computacional e deseñar e implementar aplicacións e sistemas que as utilicen, incluídas as dedicadas á extracción automática de información e coñecemento a partir de grandes volumes de datos.
A46	Capacidade de integrar solucións de tecnoloxías da información e as comunicacións e procesos empresariais para satisfacer as necesidades de información das organizacións, permitíndolles alcanzar os seus obxectivos de forma efectiva e eficiente, e dándolles así vantaxes competitivas.
A47	Capacidade para determinar os requisitos dos sistemas de información e comunicación dunha organización de acordo cos aspectos de seguridade e cumprimento da normativa e a lexislación vixente.
A48	Capacidade para participar activamente na especificación, deseño, implementación e mantemento dos sistemas de información e comunicación.
A49	Capacidade para comprender e aplicar os principios e as prácticas das organizacións, de forma que poidan exercer como enlace entre as comunidades técnica e de xestión dunha organización, e participar activamente na formación dos usuarios.
A50	Capacidade para comprender e aplicar os principios da avaliación de riscos e aplicalos correctamente na elaboración e execución de plans de actuación.
A51	Capacidade para comprender e aplicar os principios e as técnicas de xestión da calidade e da innovación tecnolóxica nas organizacións.
A52	Capacidade para comprender o contorno dunha organización e as súas necesidades no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.
A53	Capacidade para seleccionar, deseñar, despregar, integrar, avaliar, construír, xestionar, explotar e manter as tecnoloxías de hardware, software e redes dentro dos parámetros de custo e calidade adecuados.
B1	Capacidade de resolución de problemas
B2	Traballo en equipo
B3	Capacidade de análise e síntese
B4	Capacidade para organizar e planificar
B5	Habilidades de xestión da información
B8	Capacidade de traballar nun equipo interdisciplinar
B9	Capacidade para xerar novas ideas (creatividade)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Realización das prácticas nunha contorna profesional.	A44	B1	C1
	A45	B2	C2
	A46	B3	C3
	A47	B4	C6
	A48	B5	
	A49	B8	
	A50	B9	
	A51		
	A52		
	A53		

Contidos	
Temas	Subtemas



Prácticas en empresa	<ol style="list-style-type: none">1.- Solicitud de prácticas.2.- Entrevistas.3.- Elaboración do plan formativo.4.- Realización das prácticas.5.- Seguimento por parte do/a titor/a profesional e do/a académico/a.6.- Entrega de informes periódicos e memoria final do/a estudante.7.- Entrega do informe do/a titor/a profesional.8.- Avaliación da práctica por parte do/a titor/a académico/a.
----------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C1 C2 C3 C6	250	45	295
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Realización da práctica en entidades colaboradoras con convenio coa UDC.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A práctica será supervisada polo/a titor/a profesional e polo/a titor/a académico/a.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A53 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C1 C2 C3 C6	O/a estudante presentará informes periódicos e unha memoria final. O/a titor/a profesional entregará un informe das actividades realizadas polo/a estudante. O/a titor/a académico/a avaliará a práctica.	100

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías